



EUROPEAN WEEK
FOR WASTE
REDUCTION

SEMANA EUROPEA DE PREVENCIÓN DOS RESIDUOS
EUROPEAN WEEK FOR WASTE REDUCTION – EWWR 2025
Do 22 ao 30 de novembro na UDC

A maior campaña de concienciación sobre a prevención de residuos en Europa levou no 2025 o lema "Conecta o valor, desconecta o residuo", quixo concienciar sobre as actividades de redución, reparación e reutilización de aparellos eléctricos e electrónicos que poidan ser implementadas por todas as partes afectadas, administracións, empresas, factorías, e persoas a título individual ou en organización social.

O problema

Os dispositivos electrónicos e os aparellos eléctricos definen a vida moderna, pero os residuos que xeran levan consigo unha grande pegada ecolóxica. En 2022, introducíronse no mercado 14,4 millóns de toneladas de aparellos eléctricos e electrónicos e recolléronse 5 millóns de toneladas de Residuos de Aparellos Eléctricos e Electrónicos (11,2 kg de RAEEs recollidos por persoa ao ano), e case a metade dos RAEE xerados aínda non se recollen. España e outros Estados da UE non alcanzan o obxectivo de recollida establecido na Directiva 2012/19/EU de RAEEs.

Os RAEE conteñen materiais perigosos e recursos valiosos, incluídas materias primas críticas. A recollida, o tratamento e a reciclaxe axeitados son esenciais para previr riscos ambientais e sanitarios, mellorar a eficiencia dos recursos e apoiar unha economía circular. Fonte: <https://ec.europa.eu>

O programa da EWWR na UDC foi o seguinte:

1. Caracterización de residuos: Actividade de voluntariado técnico ambiental para a análise da calidade da separación do lixo en orixe, que se desenvolveu na ETSE Camiños, Canais e Portos.
2. Repair Café con Enxeñaría Sen Fronteiras. Xornadas en Coruña e en Ferrol.
3. Exposición "O lixo na UDC : Modelo Nostián" , na ETSE CCP.

O alcance foi de 49 persoas participantes, distribuídas en 32 persoas visitantes á exposición, 15 persoas asistentes anos Repair Café, e 2 persoas de traballo técnico para a coordinación e caracterización dos residuos. Os Anexos deste informe mostran fotografías das accións desenvoltas na EWWR 2025 da UDC.

1. CARACTERIZACIÓN DE RESIDUOS ¹

SITUACIÓN DE PARTIDA

Unha das accións de implicación da OdS-UDC na EWWR 2025 foi o estudo de caracterización de residuos na ETSE Camiños, Canais e Portos, que conta con recollida separada (RS) segundo o modelo Nostián nos corredores comúns de aulas (andar 0 e andar 1) e no corredor de despachos de profesorado.

O centro conta con 13 illas de RS de residuos que foron renovándose cos anos, tanto os modelos de colectores, inicialmente todos iguais de cartón, como a súa cartelería. Compártese o sistema de RS coa recollida indiferenciada noutros espazos: dentro de aulas, despachos, laboratorios. O presente estudo estivo dirixido a RS de corredores do andar 0 e 1. Nestes espazos, a produción diaria de residuos resultou en 4,2 Kg/día, que extrapolando ao total da Escola se estima en 7,55 kg diarios de residuos xerados.

RESUMO

A composición das bolsas do lixo da ETSE CCP (Gráfica 1, esquerda) conteñen case o 41% de materia orgánica, o cal fai patente a necesidade da recollida separada desta fracción, que se corresponde co modelo de RS de Nostián e atinxe ao Concello da Coruña. Por outra banda, atopouse nas bolsas dous tipos de materiais impropios: líquidos (1,6%) e medicamentos (0,03%) do total.

No relativo á contribución da Escola á recollida municipal, situouse no 47%, cifra que ascende notablemente ata o 84% cando se ten en conta só o sistema de RS, grazas á boa calidade de separación (Gráfica 1, dereita).

Despois da análise dos datos, obtivéronse os índices de calidade da separación, de materiais propios en cada colector (%IP) e de captura dos materiais para a súa reciclaxe (%IC), referidos neste estudo ao ámbito do centro no que está implantadas a recollida separada. Os índices de calidade medios resultado desta campaña estiveron entre o 74% (%IP FIRM) e o 91% (IP FORM), que se detallan por fracción na Táboa 1: a bolsa amarela (FIRM) é a que contén maior cantidade de materiais impropios mesturados, o 25%. Os impropios son residuos que deberían depositarse noutro colector distinto do que se atopan.


ANÁLISE DOS RESULTADOS

- A fracción de líquidos nunca debería atoparse nos colectores de sólidos (servizo de RSU significa Residuos Sólidos Urbanos), debendo dirixir os líquidos á correspondente liña de desaugadoiros con destino EDAR (Estación Depuradora de Augas Residuais).
- Estímase en 7,55 kg/día a produción total de residuos na Escola, seguindo a proporción do estudo en maior detalle feito no ano 2020. Mais, dada a mudanza da situación das illas de RS (deriva de parte de lixo cara papeleiras indiferenciadas que non existían no anterior estudo), probablemente sexa unha estima á baixa.
- No relativo á cantidade depositada en illas de RS, recolleron un 30% menos de residuos respecto á anterior campaña (novembro 2020). Habería que estudar se ese descenso pode deberse a reintroducir as papeleiras indiferenciadas en aulas e despachos.
- A calidade da separación nas illas de RS contribúe co 84% de material clasificado para a recollida municipal, mais debido á convivencia co sistema de recollida indiferenciada, a porcentaxe baixa ao 46%, sendo esta baixa porcentaxe resultado de infraxestión de centro, e non tanto á

¹GLOSARIO E ACRÓNIMOS: RS: Recollida selectiva; RSM: RS Municipal; P/C: Papel e cartón; FIRM: Fracción inerte do residuo municipal; FORM: Fracción orgánica do residuo municipal; %IP: Índice de propios; %IC: Índice de captura.

concienciación/coñecemento das persoas.

- Cómpre indicar que no caso do P/C, cabería marxe de mellora conforme a normativa de recuperación mono-material, debendo achegarse ao 100% (e está no 82-86%).



Gráfica 1. Esquerda: Composición das bolsas do lixo localizadas nas illas de RS estudadas na caracterización da ETSE CCP durante a EWWR 2025. Dereita: Contribución da recollida separada na ETSE CCP ao servizo municipal de residuos.

Táboa 1. Índices de calidade da RS na ETSE CCP.

Material (bolsa)	FORM (marrón)	P/C (azul)	FIRM (amarela)
Captura (%IC)	83,6	86,2	85,5
Propios (%IP)	91,5	81,9	74,4

CONCLUSIÓNS E RECOMENDACIÓNS

A directiva 2008/98/CE e a Lei 22/2011 obrigan ás persoas físicas e xurídicas a facer a separación en orixe: cidadáns, entidades (UDC) e empresas (servizos contratados pola UDC).

- Aínda valorando os bos resultados deste estudo, fica marxe de mellora para separar máis e mellor. → **Serían recomendables campañas informativas do sistema Nostián dirixidas especialmente ao alumnado de 1º ano. P.ex. nas xornadas de presentación dos servizos con Green Campus.**
- Os colectores instalados combinan modelos de cartón sen tapa e de plástico máis pequenos con tapa. A cartelería das illas de separación non é uniforme no centro. → **Cumpriría unificar a cartelería, e recoméndase unificar tamén o sistema de colectores.**

Ata o momento estiveronse empregando os seguintes modelos de cartelería, mais que se poden actualizar para o depósito no 5º contedor de recente instalación polo concello nos Campus da UDC na Coruña (comunicarse e coordinarse co servizo de limpeza para acordar a entrega en cada contedor correspondente na rúa).



- Encóntranse papeleiras de residuo indiferenciado nas aulas, nos despachos, nos laboratorios. Non é adecuada a convivencia no mesmo centro da recollida separada e a recollida indiferenciada. → **Cumpriría retirar papeleiras de residuo indiferenciado.**

2. REPAIR CAFÉ

Un Repair Café é unha excelente forma de construír unha cultura local de reutilización e reparación: un lugar liderado pola comunidade, no que as persoas arranxan electrónica, roupa, bicicletas, móbiles... e en conxunto comparten experiencias e aprendizaxes. Entre os valores dos Repair Café destácanse:

- ✓ Aforro de diñeiro
- ✓ Redución de residuos
- ✓ Aprendizaxe de habilidades
- ✓ Aforro de recursos
- ✓ Aumento da vida útil dos produtos
- ✓ Promover a comunidade

O xoves 27 en Coruña e o venres 28 en Ferrol, desenvolvéronse dúas xornadas de Repair Café da man de Enxeñaría Sen Fronteiras (ESF). Grazas a esta inestimable colaboración, a comunidade universitaria tivo a oportunidade de practicar en primeira persoa a cultura da reutilización e de poñer en valor o tema central da campaña EWWR do ano 2025: *Conecta o valor, desconecta o residuo*.

ESF Galicia é unha ONG con sede na ETSE CCP que conta cunha ampla experiencia nos obradoiros de reparación con obxecto de achegar á cidadanía as ferramentas e o empoderamento necesario para coñecer as alternativas máis sustentables e que ademais igualan ás persoas tanto do norte coma do sur global.

Foron en total 15 persoas implicadas nas xornadas, que ao remate das mesmas voltaron para as súas casas cunha nova vida daqueles aparellos que achegaron e que conseguiron reparar. Ordenadores e variados electrodomésticos se acolleron nestas xornadas, como se pode observar nas imaxes do Anexo II.



Imaxes compartidas nas RRSS da Ods durante a EWWR para promover os Repair café.

3. EXPOSICIÓN 'O LIXO NA UDC: MODELO NOSTIÁN'


Do 22 ao 30 de novembro localizouse no vestíbulo principal da ETSE de Camiños, Canais e Portos, esta exposición composta por 15 paneis que mostran en detalle o modelo de recollida de Nostián e os seus resultados actualizados no ano 2023. Trata cuestións coma os impactos da mala xestión dos residuos, ou as vantaxes de separarmos ben en orixe e os beneficios da compostaxe.

Estimouse a visita libre de 4 persoas/día, chegando a un total de 32 persoas durante os 8 días que ficou exposta. As imaxes poden visualizarse no Anexo III deste informe.

O contido da exposición pode visualizarse [NESTA LIGAZÓN](#), e tamén unha visita guiada telemática a cargo de Marcos Vázquez, Técnico Superior de Medio Ambiente do Concello da Coruña, e de Manuel Soto, Catedrático de Enxeñaría Química da UDC, na seguinte localización da [CANLE DE YOU-TUBE](#).

A exposición está dispoñible para o préstamo para os centros da UDC e tamén para finalidade docente externa: [EXPOSICIÓNS ITINERANTES](#) da Ods-UDC.

ANEXO I. Dossier fotográfico da caracterización de residuos



Material empregado na caracterización: Balanza, caixas contedor para bolsas e materiais, táboa de rexistro de pesos.




Exemplo de cartelería que non identifica correctamente a fracción orgánica, á dereita, en amarelo (arriba) e en laranxa (abaixo).



Evidencias de mala separación en bolsas amarelas (inorgánico) con impropios de residuo orgánico e de papel-cartón.

ANEXO II. Dossier fotográfico dos Repair Café



ANEXO III. Dossier fotográfico da exposición de residuos



Coordinación e informe: Verónica Torrijos, Técnica da OdS-UDC | oficina.sustentabilidade@udc.gal

Dirección: Fernando de Llano Paz, Director da OdS-UDC | direccion.oficina.sustentabilidade@udc.gal